

Instrucción III/2001 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela sobre a participación das secretarías de departamento no proceso de admisión de alumnos en programas de terceiro ciclo

pA regulación dos estudos de Terceiro Ciclo establecida no Real Decreto 778/1998 de 30 de abril, así como no Regulamento dos Estudos de Terceiro Ciclo (RETC) desta Universidade, aprobado pola Xunta de Goberno de 7 de abril de 2000, introduciu diversos cambios, entre outros, no proceso de aprobación dos programas de doutoramento e xestión académica destes estudos.

No referido á selección e admisión dos alumnos, ambas normas son continuistas coa regulación anterior, sen embargo hai algúns aspectos que aconsellan que a xestión académica se manteña independente do primeiro e segundo ciclos, e que se potencie a participación dos departamentos. Entre estas razóns hai que destacar:

- A ineludible participación dos departamentos no proceso de recepción de solicitudes e selección de aspirantes ós seus programas de doutoramento.
- A figura do titor, potenciada na normativa actual, e que debe ter un papel activo na orientación dos alumnos desde o mesmo momento da súa admisión.
- A conveniencia de que os departamentos teñan coñecemento en todo momento da situación dos alumnos de terceiro ciclo.
- A preceptiva emisión de informes por parte dos departamentos para calquera situación potencial de validacións, recoñecemento de créditos, cambios de titor, etc.
- A xestión académica dos alumnos da etapa de tese, que se iniciou no curso 2000-2001, e que debe partir dun control por parte dos departamentos da continuidade e adicación de cada doutorando.

Todas estas razóns, unidas á intención de buscar unha maior eficiencia na recollida e tratamento da información, así como nunha tramitación máis clara e doada para os alumnos, xustifican que se dicte a seguinte

INSTRUCCIÓN

1. Os aspirantes a ser admitidos en programas de terceiro ciclo e que reúnan os requisitos establecidos na normativa vixente, presentarán unha solicitude de admisión no formulario establecido, acompañando a documentación necesaria que cada departamento estableza para a valoración dos méritos e prelación das instancias.
2. As mencionadas solicitudes presentaranse en cada secretaría do Departamento ou Instituto Universitario responsable do programa de doutoramento para o cal se solicite a admisión.

3. Nas secretarías administrativas dos departamentos recolleranse as solicitudes, rexistraranse e seguidamente capturaránse os datos no sistema informático establecido, accesible a través da dirección web seguinte:
<http://www.xestion.usc.es/aplicacións/TCDpt.htm>
4. Cando se peche o prazo de admisións, a documentación será entregada ó coordinador do programa quen reunirá ó equipo docente para seleccionar ós alumnos, de acordo co RETC e cos criterios aprobados especificamente para ese programa. A tódolos alumnos que resulten admitidos se lles asignará un titor, de acordo co artigo 10.5 do RETC.
5. Finalizado o proceso de selección, no mesmo sistema informático se fará constar para cada alumno a situación correspondente ("Admitido", "Lista de agarda", "Non admitido"), a puntuación correspondente asignada no proceso de selección (de se-lo caso), ou ben o número que indique a prelación dos alumnos admitidos e en lista de agarda.
6. As listas de admitidos, de agarda e de non admitidos deberán publicarse no taboleiro do departamento o día indicado no calendario aprobado para cada curso académico. O día seguinte, o Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Contínua (CPTF) procederá a publicación desta información a través da súa dirección de Internet (<http://www.usc.es/cptf>). Para os efectos de reclamacións, de acordo co artigo 14 do RETC, os prazos serán sempre referidos á publicación no taboleiro do departamento.
7. Os alumnos admitidos poderán recoller nas secretarías administrativas dos departamentos a folla de matrícula, obtida do propio sistema informático. Na convocatoria de matrícula estableceranse os días nos que deben formalizala mesma no CPTF ou no Negociado de Alumnos do Campus de Lugo.

Autorízase ó CPTF para dicta-las instrucións e axudas de carácter técnico que faciliten a posta en marcha deste sistema.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2001.

A XERENTE,

Ana Fernández Pulpeiro